## Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

### Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Alberto Vilanova Rodríguez do 19/03/1953

**Colección:**
**Data:** 19/03/1953
**De:**
Luís Seoane;
**Para:**
Alberto Vilanova Rodríguez;
**Orixe:**
Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)
**Destino:**
Ourense (municipal), Ourense (comarcal), Ourense (provincial)
**Ficha descriptiva:**
[Carta mecanografada]
**Temáticas:**
*Fardel d'eisilado*; *Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*; Artes; Literatura;
**Mencionados:**
Manuel Curros Enríquez;

---

### Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Alberto Vilanova Rodríguez do 19/03/1953

Buenos Aires, 19 de marzo de 1953

Sr. D.
Alberto Vilanova
Orense

Meu benquerido amigo:

Agradezo moito as verbas de alento que me fixo chegar pola súa carta co gallo de ter recibido Fardel de eisilado. Creo ter feito un libro sinceiro, no que intentei concederlle máis importancia á anguria coleitiva que á propia neste intre en que os modelos da máis moza xente galega son aqueles que buscan máis ben eispresar o

contrario, e síntome por moi premiado e satisfeito conque os escritores galegos como vostede, que eu estimo fondamente pola súa obra e aititude, tivesen atopado nel algún mérito. Tratei de continuar, coas miñas limitaciós, a liña temática dos precursores que eu supoño moi esquecidos de aqueles que se agachan nun neosaudosismo, cómodo, e que atopan de mal gusto falar do que acontece a carón de un.
Teño leído estes días a súa mañífica biografía de Curros, da que correxín eu as probas e coido a edición, que me pareceu ter de ser por moitos motivos, entre eles pola súa calidade humán, un dos libros fundamentaes feitos nesa e fóra de Galiza nos derradeiros anos, e que sairá do prelo a fines do mes próisimo editado polo Centro Gallego.

Volto a agradecerlle as verbas de agarimo conque recibiu meu Fardel de eisilado e ofrézome a vostede nesta, como fidel amigo e irmán:

[Seoane]

---

Créditos do proxecto web

**Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*
*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*
*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

***Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":***
*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio subscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*
*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

**Consultas e colaboracións:**
Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.